

NOVIDADE
EDITORIAL




EDITORIA
alvarelllos

O xenocidio palestino, nos versos de Patricia Torrado, nunha edición tamén en árabe

«Nakba» recibiu en 2025 o Premio de Poesía do Concello de Vilalba. Un berro en verso contra o xenocidio do pobo palestino. Ilustrada pola artista gazatí Reem M Al-Arqan e cun limiar do poeta e novelista palestino Nasser Rabah. Unha edición en catro idiomas (gal-cast-engl-árabe).

FICHA TÉCNICA: 180 pp. 14 x 21 cms.
ISBN 978-84-18567-91-9. PAPEL FSC. PVP: 16, 90 €



SANTIAGO DE COMPOSTELA, FEBREIRO 2026.- NAKBA («Catástrofe», en árabe) é o título do novo libro da poeta Patricia Torrado Queiruga, os versos cos que gañou en 2025 o **Premio de Poesía de Vilalba** e que publica Alvarelllos Editora en febreiro de 2026. Nunha edición ilustrada pola artista gazatí **Reem M Al-Arqan** e que inclúe a **tradución dos poemas**, dende o galego orixinal, tamén en **castelán, inglés** (a cargo da propia autora) e **ao árabe** (neste caso, na versión de **Omneia Sadek El-Shahat**).

NAKBA é un poemario de denuncia, **un berro indignado contra o xenocidio dun pobo**, o palestino, e a destrución de Gaza a mans do goberno de Israel. A autora pregúntase: «Pode un poema describir a barbarie?» «Canto tardará en marchar do noso vocabulario o léxico da dor?». Son en total 24 poemas distribuídos en catro apartados: «Raizame» «Escombros» «Resistir coa palabra» e «Réquiem».

Nasser Rabah, un dos poetas palestinos actuais máis relevantes, asina o limiar, baixo o título: «Esta obra é un conxunto de voces que explican ao mundo que fomos e que nos ocorreu (...) os nosos soños, o son do noso pranto e os nosos gritos», afirma.

Tanto a ilustradora Reem como Nasser Rabah levan vivindo na Franxa de Gaza todo o conflito.

Patricia Torrado Queiruga (Porto do Son, 1987) licenciouse en Filosofía en Santiago de Compostela e posteriormente obtivo o Máster en Museoloxía e Museos na Universidade de Alcalá. Poeta e activista cultural, foi tamén editora. É autora de *Herdar a fala* (Premio de Poesía Torre de Caldaloba, 2020), do conto *Don Carlos e o misterio dos lucecús* (2021), *Bolboretario do confinamento* (2022) e *Ouveos fractais* (2024). A súa narración «Silencios náufragos» resultou gañadora en 2020 no Certame Manuel Murguía de Arteixo, e varios dos seus microrrelatos foron distinguidos en varias edicións do Certame de Vilalba e mais en Carballo. Con *Nakba* logrou en 2025 o Premio de Poesía de Vilalba na súa edición número 51.



Patricia Torrado e a ilustradora Reem M Al-Arqan.
Contacto coa autora: ptorradoqueiruga@gmail.com

